

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións

CONVOCAN SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO ANO 2016

BDNS(Identif.):304534

1. BENEFICIARIOS

Asociacións e clubs deportivos da provincia de Pontevedra que carezan de fins de lucro, estean ao corrente coas obrigacións tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Galega, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial e non estean incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

2. OBXECTO

Subvencións destinadas ao apoio ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades deportivas no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando teñan interese para provincia, durante ou ano 2016.

3. BASES REGULADORAS

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 22 de abril de 2016, Bases de execución do orzamento provincial do ano 2016, Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, R.D. 887/2006, que aproba o regulamento da lei e demais lexislación de aplicación.

4. CONTÍA

490.000,00 €

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

20 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da devandita convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).



6. OUTROS DATOS DE INTERESE

- Solicitudes e documentación: Cada entidade só poderá presentar a solicitude por unha única actividade deportiva, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base terceira.
- Criterios de valoración: os establecidos na base quinta da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada, consistente na organización do devandito evento.
- Compatibilidade : Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación da conta xustificativa, facturas e presentación de memoria, nos termos previstos na base oitava da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2017.

Pontevedra, 22/04/2016.—A Presidenta, M^a del Carmen Silva Rego.

